CINEFORUM AURORA

Ciclo
Cine e movemento obreiro



Patagonia rebelde

Ficha técnica
Título orixinal: La Patagonia rebelde
País, ano e duración: Arxentina, 1974, 107 minutos.
Director: Héctor Olivera
Guionistas: Osvaldo Bayer, Fernando Ayala y Héctor Olivera, baseándose no libro *Os vingadores da Patagonia tráxica*, do primeiro.
Música: Óscar Cardozo Docampo
Fotografía: Víctor Hugo Caula
Elenco: Héctor Alterio, Luis Brandoni, Federico Luppi, Pepe Soriano, Osvaldo Terranova, Pedro Alejandro, Jorge Rivera López, Héctor Peregrini, Fernando Iglesias Tacholas...

Sinopse

A película narra as loitas e represión dos peóns rurais da Patagonia arxentina entre os anos 1920 e 1922. Presentados pola patronal como un conflito subversivo e non laboral, o tenente coronel Varela (Zavala na película) foi chamado para resolver o enfrontamento, que rematou coa sinatura dun acordo polas dúas partes. Unha vez que se retirou o exército, os estancieiros esqueceron o acordo e o conflito renaceu. Volveron chamar a Varela, pero esta vez o que fixo o militar foi desatar una implacable represión que se saldou con perto de 1.500 traballadores rurais, arxentinos e chilenos, mortos.

Como se fixo a película

O proceso de concesión do permiso para a realización da película demorouse varios meses ata que o presidente, Juan Domingo Perón, o asinou en xuño de 1974. Emporiso, a viúva de Perón, Isabel, nomeada presidenta á morte daquel, prohibiuna en outubro do mesmo ano, tendo que marchar actores e realizadores ao exilio debido á situación política, que se agravou en 1976 polo golpe de estado de Vilela. A película puido volverse estrear en 1984, tras o fin da ditadura militar, e recolleu numerosos premios internacionais.

Nomes propios

Osvaldo Bayer: E o autor do libro de investigación *Os vingadores da Patagonia tráxica*, sobre os acontecementos que son a base da película, da que tamén é guionista. Sufriu persecución ata despois de falecido, a pesar do seu grande prestixio e recoñecemento internacional, xa que un monumento recordatorio do investigador erixido na Patagonia foi mandado derrubar polo goberno de Milei en 2025, coa escusa de que había que facelo para reformar unha estrada.

Héctor Olivera: Prestixioso director de cine arxentino, que tivo que enfrontarse á censura e á persecución. As súas películas máis salientables son esta *Patagonia rebelde* e *A noite dos lapis*, que relata o secuestro e tortura de escolares adolescentes durante a ditadura militar.

Antonio Soto Canalejo: O ferrolán foi o líder anarcosindicalista das folgas dos peóns rurais da Patagonia foi interpretado por **Luis Brandoni**. Recalou na Arxentina fuxindo do recrutamento forzoso para a guerra de Marrocos. Tras os acontecementos da Patagonia, fuxiu a Chile, onde continuou a súa militancia sindical e participou na fundación do Centro Galego, do Centro Republicano e da Cruz Vermella.

Teniente Coronel Zavala: Héctor Alterio deulle vida na película, cuxos produtores tiveron que ocultar o seu verdadeiro nome, o coronel **Héctor Benigno Varela**. O miserable represor que dixera *Prefiro que digan que fun un militar sanguinario a un militar desobediente* foi axustizado por **Kurt Gustav Wilckens**, un alemán pacifista e vexetariano.

José Font: Coñecido como **Facón Grande** foi un carreteiro líder sindical de gran prestixio e predicamento entre os peóns rurais. Interpretado polo inmenso **Federico Luppi**, Facón Grande foi asasinado na represión desatada por Varela, tras entregarse baixo promesa de respectar a vida dos folguistas. Máis de cincuenta foron fusilados con Facón ao darse presos.

José Graña: Elexido Secretario de Actas da Sociedade Obreira de Río Gallegos, o ourensán **Fernando Iglesias *Tacholas***, deulle vida a este sindicalista e humanista galego sempre disposto a falar sobre a ética e a sociedade futura. *Tacholas*, o actor, era tamén galego, emigrado a Arxentina durante a ditadura de Primo de Rivera.

Consuelo García, Ángela Fortunato, Amalia Rodríguez, María Juliache e Maud Foster: Tres arxentinas, unha española e unha norteamericana eran as pupilas do prostíbulo La Catalana, da vila de San Julián. Cando Varela premiou aos seu soldados cunha visita aos bordeis da rexión, as mozas de La Catalana negáronse a atendelos ao grito de *Nós non nos deitamos con asasinos!* Foron detidas e vexadas e, posteriormente, deportadas. So anos máis tarde volveu Maud Foster, a norteamericana, a San Julián, onde morreu. Sempre hai flores frescas na súa tumba.

